# RETALLOS




## Dia das letras 2022

Revista do centro EPA Pondal

Período escolar 2021 – 2022

# Editorial

Nun tempo volátil, nun tempo voluble e variable, no tempo ese de avaría que nos descontou días e horas para ser fósiles na peste, velaquí emerxe máis unha vez a revista Retallos: a permanencia.

Nese tempo de prefixos (preguerra, pospandemia...) que se vai indo demoradamente, de eufemismos (danos colaterais) que agochan hipocresía, velaquí o faro: a revista Retallos.

Un espazo plural, a nosa revista, colectivo, aberto ao debate, de pensamento crítico, de heteroxeneidade e diversidade, un espazo para a convivencia.
Queremos ser un atlas, un mapamundi, un lucecú na noite. Na túa revista caben as letras todas dos alfabetos do mundo!

Aquí dentro estamos todas/os e, lembra, hai moito sitio libre aínda. Agardámoste!

# Créditos

**Edita**
EDNL – Epa pondal

**Diagramación**
Fernando Diaz-Castroverde
Luís F. Figueiroa

**Revisión linguística**
Loaira Martínez Rey

**Contributos:**
Concepción González
Ana Garnelo
Dulce Ferrández
Loaira Martínez Rey
Fernando Diaz-Castroverde
Maria Dolores Carreira
Diego Reyes Henao
Rafael Ceballos
Juan Ignacio Romero

# Florencio Delgado Gurriarán

**1.-Necesario exordio.**

Un ano máis de Letras. E xa van ben delas desde que aló, por volta de 1963 se comezasen a celebrar, aproveitando o centenario da publicación desa obra que abre camiño á literatura galega contemporánea: Cantares gallegos.

Nestes anos e por diversos motivos, tivemos o pracer de lembrar e facer unha semblanza de diversos autores, algúns coñecidos e ben próximos a quen isto escribe (Avilés de Taramancos, Lois Pereiro, Manuel María...). Toca este ano, logo da merecidísima e tantas veces adiada, homenaxe a D. Ricardo Carvalho Calero que se conmemorou hai pouco, un autor do noso Oriente, do Barco de Valdeorras: Florencio Delgado Gurriarán. Teño que recoñecer que os meus coñecementos sobre o autor eran limitados, fundamentalmente algúns versos de aceiro e loita que tiña lido sobre a opresión que viviu e viviron tantos naqueles anos escuros de infeliz lembranza.

Eu non son moi académico nin rigoroso, antes ben escribo con afluentes e tanxentes, así que ninguén procure aquí un estudo profundo e metódico, senón unha viaxe en compañía, de impresións, derivadas do autor louvado e da súa singradura.

**2. Un Barco que é singradura interior.**

Cando un chega á contorna do Barco de Valdeorras, logo de superar A Rúa de Petín, ten a sensación de entrar nun territorio indomable e vertical, no que os montes que cercan a vila se aguzan co misterio da noite estrelada. Montes coroados, cando a invernía, por un branco impoluto e metálico que se transforma en manto multicor na primavera. Pasa o río como anguía pola vila e asubía, saudando, porque coñece o roce de cada minúscula pedra que visita. Non é un río doméstico, non! É un río arteiro, poderoso e traidor pero aloumiña. Hai que desconfiar do aloumiño, do asubío, do saúdo. Está afiando as poutas mergulladas. Polo ano 1959, Florencio lembrará, impulsado como xigante pola auga feroz da chuvia, das escorrentías da serra...destrúe vidas e a ponte de San Fernando, a maxestosa ponte de 200 metros que abría a estrada cara a Ponferrada ( O Miño leva a fama pero o Sil a auga, diría agora un que eu coñezo).

Ten aroma de milenaria mina tamén Valdeorras, acaso os aires que veñen do Medulio.

A comarca é celebre polo seu viño godello e as viñas teñen tantas cores como estacións. Ide a Valdeorras no outono e estaredes no Xapón, con esa cor tan difícil de precisar (“unha gama tenue entre o roxo salmón e o solpor fisterrán” dixo Avilés de Taramancos nuns fermosos versos).

O caso é que Florencio vía todo isto cada mañá, ao acordar, e era un letraferido do seu territorio que preservaba como reliquia e seguiu rememorando, andando o tempo nas distantes terras mexicanas. Velaí dous versos, dous estalos: “Meu Córgomo de Valdeorras/ é bocarribeira crara”

Florencio Delgado Gurriarán naceu, efectivamente, en Santa Comba de Córgomo, Concello de Vilamartín de Valdeorras no ano 1903. Aló, no interior, no confín, na tanxente, no vértice que xustifica o límite, no extravío do ollo... Non no núcleo, senón no rugor do extrarradio. Naceu aló, como moitos de nós, na Galiza baleirada, a que non sae no foco, na tribo na que hoxe apenas moran 220 habitantes e que, de seguirmos así, serán fósil de museo.

A vida de Florencio, unida aos destinos profesionais do pai, sepárao do seu verxel cara a Palencia, onde completará estudos para regresar a Córgomo contra 1928. Son tempos de entusiasmo e proxectos, ligado primeiro ás Irmandades da Fala, logo ao Partido Galeguista até que chegan os anos escuros, os da afrenta e a vinganza do ano 1936.

Ou fuxir ou morrer.

### 3.-Travesía de aluminio

O longo exilio, un mar de aluminio sen horizonte. Marcha Florencio cara ao Porto, fraterna cidade, para continuar a Bordeos e, logo a México no barco Ipanema (Olha que coisa mais linda/ mais cheia de graça./ É ela menina/ que vem e que passa/ num doce balanço/ caminho do mar. / Moça do corpo dourado...). Desculpen a licenza, non puiden evitar a garota de Ipanema e o António Carlos Jobim. Un, que é de natureza dispersa, de afluentes. Ao rego, volvemos a Florencio.







Imaxinemos o corazón encollido do home que deixa atrás a súa terra, sen regreso, apenas con dúas ou tres malas por equipaxe e acaso unha lila, das que había na casa súa e que tan ben recendían! O corazón doído do home apegado á súa terra, como Ulises, pero sen Itaka, que leva unha mazá reineta no peto para lembrar! E que paradoxo, nacer preto do Barco e fuxir noutro descosendo xeografías líquidas!

Xa descubrira antes de partir Florencio a poesía. Cando un descobre a poesía é como un fulgor, como un facho no dentror da noite infinita, como un lingote na herba seca. Así, pois, publica no ano 1934 os delicados versos do libro Bebedeira, unha homenaxe a súa terra que será xa mapa no peito.

O noso autor, diciamos, instálase en México, inicialmente en Veracruz (a Verdadeira Cruz) e trata de afacerse ao novo medio, á patria de acollida, á nova contorna. Imaxinade o cambio: das vacas que pastan lenemente na aldea valdeorresa ao descubrimento de novos animais, como o tlacuache, o único e estigmado marsupial de México, animal ben intelixente que ao se sentir ameazado entra en estado de finxido coma e que as lendas comparan con Prometeo, o deus que entregou o lume ao home, xa que en México ese labor tocoulle o tlacuache. Volvamos ao asunto.

Aínda no exilio, desde a ferida da distancia imborrable, Florencio prospera na patria de acollida e forma a súa familia. Debece polo regreso pero é consciente das fauces do inimigo, do invasor que non abandona a presa e prosegue máis tempo do que calquera esperaría. Sucédense novos libros, 1963, **Galicia infinda**, 1981 **Cantarenas** ou, xa finalizada a ditadura franquista e logo de breves viaxes de regreso, os versos aceirados e críticos que compoñen o seu último libro, **O soño do guieiro**, unha crítica atroz e realista ao réxime sublevado e ao seu indigno mandatario. Regresa, como dixemos, emocionado no ano 1976 e no 1981, pero a vida, como a de tantísimos exiliados expulsados do paraíso xa establecera outros camiños e a volta agora tórnase imposible.

### 4.-Ulises con Itaka.

Agarrado ao mapa que quedara debuxado con precisión no seu peito, o mapa da terra valdeorresa, o da Galiza irredenta que todos os exiliados levaron consigo, falece tan lonxe de corpo como preto de corazón en Fair Oakes, condado de Sacramento, estado de California.

E chegamos ao final da viaxe, se, amigo/a lector/a, tiveches a paciencia de chegar até aquí, até o ano 2022 no que a patria pequena de Florencio, a comarca de Valdeorras, logo de moitos anos de proxectos e esforzos conseguen, a través das Letras, rescatar a memoria inmorredoira do seu veciño e valedor que é tamén unha xusta homenaxe á Galiza de alén mar, a Galiza do exilio e da afrenta, representada polo propio Florencio.

O 17 de maio, cando se celebre, pasará calandiño o Sil polo Barco, porque tamén coñece o mar, o mar que foi fronteira e camiño, que foi partida e regreso.

O alumnado de literatura universal publica os seus poemas dentro da categoría de poesía "As METAMORFOSES". O exercicio, de clara homenaxe a Ovidio, consistíu en simular en que animal ou obxecto se metamorfosearían. O resultado foi un poemario divertido e orixinal, de onde saíron algunhas propostas moi creativas que despois ficaron en exposición nas paredes do noso centro. Estas son algunhas das máis destacadas.

# As Metamorfoses



Cervos; animais sensíbeis, amigábeis e cubertos de pequenos puntos brancos.
Dalgún modo eu vexo algo de min neles, talvez polo meu corpo longo e esbelto, cheo de lunares; ou polas miñas trenzas inocentes que semellan unha cornamenta.
Talvez, só talvez, estas trenzas se convertirán en verdadeiros cornos algun dia...

---

Ya estoy en el apartamento, en Gran Vía, mi calle favorita, donde mis padres se conocieron aquel verano del 92; "Un gran verano"- cuenta mi padre siempre. Se hace de día y no sé por qué estoy debajo de las sábanas. Quiero salir, pero no puedo, empiezo a correr y parece que llevo una hora corriendo. No me lo puedo creer, mis brazos y piernas han desaparecido. ¿Qué pasa? No sé nada, no sé qué hacer. El reloj está también debajo de las sábanas y veo mi supuesto reflejo. No puede ser, ¿una hormiga? No puede ser, no me lo creo, ¿por qué a mi? ¿y porqué justo ahora que estaba cumpliendo mi sueño? No lo entiendo y entro en pánico, así que empiezo a llorar.

Creo que llevo en shock unos dos o tres días y he aceptado que soy una hormiga, un minúsculo ser en una ciudad desconocida y distinta a la mía, un lugar enorme, donde yo no soy nadie y nunca lo seré. Salgo de esa cama y huelo comida, son unas migajas del bocadillo que compré en el aeropuerto, y voy a por ellas. Al volver a caminar, me siento fuerte, podría levantar mi propio peso seis o siete veces. Prefería mi cuerpo anterior, pero ahora ya no voy a ir al gimnasio, así que no está mal; nunca me gustó.
No me lo puedo creer, hay un agujero detrás de la cama.
Decido meterme, no tengo nada que hacer y prefiero distraerme para así no pensar. Está todo oscuro, pero no tengo miedo y sigo caminando. Oigo un ruido y me asusto, otra hormiga se acerca a mí y no sé qué hacer, estoy petrificada y me desmayo.

Abro los ojos y sólo veo a unas hormigas, al cabo de unos segundos, recuerdo que soy una de ellas y me despreocupo un poco, intento actuar normal, así que decido hacer lo que hacen todas.

Sou um mastim, sou grande, forte, desconfiado, manso, peludo e leal.
A minha função é a proteção, ser um guardião, lutar contra lobos e qualquer outro rival que ameace aquilo que merece ser protegido.
A minha única protecção é uma coleira com pontas ao pescoço, às vezes me incomoda mas defende-me nas brigas de sofrer uma ferida mortal.
Sou instintivo à hora de atuar e não gosto de obedecer ordens, no entando eu cumpro até o de agora com o meu propósito e isso é quanto baste.
Viajo aonde fizer falta, gosto do campo em aberto ainda que sempre preciso manter tudo sob controle, não venha aparecer alguma ameaça.
Caminho entre o rebanho sem ter necessidade de o instigar ou guiar, se houver perigo retrocederão e eu avançarei.
Lá onde eu puder ser útil seja qual for o propósito, sempre pronto para a luta até ao final, pela comida e o dever cumprido.
Proteger a casa onde a família dorme ainda que eu esteja a dormir fora, porque eles não são tão fortes, porque não nasceram para isto tal e como eu, porque eu não saberia ser nem de outra maneira.

---

Xa fun femenina: fun doce, agradábel
Cándida, xoven, medrosa, coidadora, perfeita.
Difícil de alcanzar, como as magnolias nunha árbore,
Sempre disponíbel para ser contemplada polos que paraban a ollar pra min, que ás veces quererían apañarme, arrancarme desa árbore,
Desfrutar uns tempos de min para, no final, deixar que fique murcha.

Xa fun masculina: fun forte, coraxosa, independente, inteligente, decidida, ambiciosa, de aceiro.
Ignorando as opinións doutros sobre min, como as magnolias nunha árbore,
Tan altas, que non xa nin ouven a quen está por baixo,
A desfrutar do meu tempo. Tempo para min.
A acabar a miña vida pétalo a pétalo.

Femenina e masculina,
Magnolia branca e magnolia de aceiro,
Doce e agradábel, forte e coraxosa,
Fun iso todo e aínda máis,
Porque quer  sexamos brancas quer de aceiro
Continuamos a ser magnolias

Maria Dolores Carreira

Juan Ignacio Romero Rondinella (4º ESA)

# Unha visión da nosa escola

*“Tamén fixemos xogos de rol, nos que tomamos o papel dunha persona nunha situación específica”*

Disposto a sacarme de enriba o Secundario para buscar emprego e abrir as portas a novas oportunidades, apunteime aos módulos 3º e 4º da Educación Secundaria para Adultos no centro educativo de Eduardo Pondal. Foi unha decisión que me levou anos tomar, unha decisión da que non me arrepinto. Para comezar, o primeiro día coñecín a miña clase xunto coa nosa titora, Loaira, e tivemos unha pequena charla sobre o que faríamos durante o resto dos dous módulos: a duración, os ámbitos, os horarios, etc...
En xeral a miña primeira impresión foi bastante positiva, todos os meus compañeiros eran agradables e a profesora resultou ser moi alegre. A medida que pasaban os días funme familiarizando cos demais profesores, os cales tamén facían un bo traballo.

Cando comezamos as nosas clases xa tiñamos a nosa primeira tarefa do ámbito de comunicación, facer unha presentación oral de calquera tema que nos interesase, acompañado (se queríamos) dun PowerPoint. Esta foi unha das mellores actividades do curso, xa que podía falar a fondo de algo que me apaixonaba, dinosauros, concretamente o T.Rex.

Custoume un pouco facer a presentación pola miña timidez, pero conseguín expoñelo sen ningún problema. Despois diso chegou o momento de facer os exames, algo que me preocupaba, xa que nunca fun un grande estudante en materias como física e, sobre todo, matemáticas. A pesar dese impedimento tentei aprobalas, conseguindo así o meu obxectivo.

Ao longo dos dous módulos estivemos falando de distintos temas de actualidade, debatindo e expresando as nosas opinións.

A pesar de tratar algúns asuntos controvertidos, todos escoitamos o que cada alumno tiña que dicir. Tamén fixemos xogos de rol, nos que tomamos o papel dunha persona nunha situación específica, como un carpinteiro nun naufraxio ou unha propietaria dun bar a favor do turismo nunha aldea remota.

Antes de rematar o módulo 3 e facer os útlimos exames, Beatriz, a nosa profesora de física, organizou unha pequena excursión á Casa das Ciencias, un museo que, a pesar de ter visitado en varias ocasións, foi unha visita sumamente entretida. Paga a pena mencionar a proxección do planetario, un momento de aprendizaxe e relaxación.

Remato o módulo 3 e consigo pasar todas as materias cunha boa nota, isto é un grande alivio para min. Significaba estar un paso máis adiante para obter o meu título da E.S.O. despois de tantos anos. Agora disfruto das miñas vacacións e prepárome para o vindeiro módulo, o verdadeiro final.

Inicia o módulo 4 e coñezo a dous profesores máis. As cousas complícanse un pouco coas novas materias e toda a teoría que finalmente tería que estudar. Pero grazas ao meu esforzo e horas de facer resumos, logro aprobar a primeira rolda de exames, quedando libre de obrigacións escolares polo resto da Semana Santa.

O 20 de abril fixemos unha excursión de fin de curso a Santiago de Compostela con Loaira, a nosa títora. Un día no que todos o pasamos en grande. Visitamos o Museo do Pobo Galego, a Catedral de Santiago e desfrutamos dunha viaxe en bus apreciando a fermosa paisaxe. Sen dúbida, unha visita verdadeiramente enriquecedora que lle agradezo enormemente á nosa titora e profesora, Loaira.

En resumo, a miña experiencia neste centro educativo é algo que nunca esquecerei, xa que me axudou a mellorar diversos aspectos da miña vida cos que non estaba moi contento. A miña autoconfianza é maior que nunca e, a pesar de seguir sendo bastante calado, sentinme cómodo co grupo que me tocou. Un grupo que ademais de colaborar entre todos, proporcionaban risas diarias.

Neste momento atopámonos na recta final e só queda facer un último esforzo para rematar con bo pé.

Moita sorte a todos.

*“a miña experiencia neste centro educativo é algo que nunca esquecerei”*

# Visita á EDAR – BENS

No primeiro cuatrimestre realizamos unha visita ao EDAR de Bens organizado polo departamento de bioloxía cun numeroso grupo de **EBI** e **ESA**. Alí puidemos aprender a importancia desta planta de tratamento de augas para a nosa cidade, e todos os procesos para mellorar a calidade das augas que bañan as nosas praias. Tamén aprendimos que é imprescindible deixar de deitar pelos, cartóns, algodóns, compresas condóns ou outros residuos no sanitario. Para iso insistiuse en que todos deberíamos **ter un cubo do lixo no baño** para coidar o noso ambiente

# Visitas ao Museo de Belas Artes

Os nosos alumnos do 1º cuadrimestre de ESA e BAC tamén visitaron o Museo de Belas Arte na Coruña organizada polo departamento de historia. Como anécdota a guia contou unha historia sobre o cuadro de Luís Seoane " A emigrante" que deixou a todos co corazón nun puño. Queres saber máis? Entón terás que visitar tamén ti o museo e descobrir todo o que garda entre as suas paredes.

# Visita á Casa das Ciencias

Organizada polos departamentos de bioloxia e física e química a visita á Casa das Ciencias contou com alumnado do 1º cuadrimestre de **ESA** da área de ciencias que visitaron a casa das ciencias onde puideron ver experiencias de física, unha exposición sobre péndulos e sobre astronomía.

# Visitas á Fundación Mª Jose Jove

A fundación Mª Jose Jove conta cun espectacular acerbo pictórico á nosa disposición con visitas guiadas para desfrute do alumnado da nosa cidade. Por dúas veces o departamento de historia organizou as visitas en abril e maio de alumnado de ESA e BAC a unha colección que conta con obras universais dos séculos XVIII, XIX, XX e XXI de autores tans destacados como Seoane, Díaz Pardo, Maruja Mallo, Lugrís ou Pablo Picasso.

***Maternidade 1963***, *Isaac Diaz Pardo*

# Visita ao Museo do Pobo Galego Santiago de Compostela

No pasado día 20 de abril, o grupo de 4º da modalidade presencial do turno de mañá fixo unha saída cultural a Santiago de Compostela con tres obxectivos: coñecer un pouco máis da cultura popular galega no Museo do Pobo Galego, pasear polo casco antigo da cidade, descubrindo os puntos máis emblemáticos da mesma e por último, pero non menos importante, pasar unha tarde divertida cos compañeiros e compañeiras.

A primeira parada foi o Museo do Pobo Galego onde foi posible coñecer, a través das distintas salas, varios aspectos antropolóxicos da nosa cultura popular. O elemento do museo que tivo máis suceso foi, sen dúbida, a triple escaleira helicoidal. Obra do coñecido arquitecto Domingos de Andrade, cuxas tres ramplas son plenamente independentes e conducen a distintos pisos do museo.

Á saída do museo, deu inicio o paseo pola parte histórica da cidade, onde cabe destacar algunhas paradas feitas: a da primeira igrexa da cidade, San Fiz de Solovio, a estatua das Dúas Marías na Alameda ou a Praza da Quintana. Neste paseo foi posible ver en directo algúns estilos arquitectónicos que nos serviron de base, ao longo do curso, para entender as diferentes correntes literarias anteriores ao século XIX.

Os tres obxectivos foron conseguidos, destancando especialmente o terceiro: coñecer os nosos compañeiros e compañeiras fora das aulas e nun contexto máis lúdico. Os risos e as conversas animadas estiveron presentes en todo momento.



# 1º Concurso de fortografía



Realizamos o primeiro concurso de fortografía ou de “caza aos erros” ortográficos que podemos encontrar no noso dia a dia.
O concurso consistiu en enviar as fotos capturadas cos teléfonos móbiles cos erros mais significativos ou simpáticos.
A gañadora, por cantidade e calidade das proposta enviadas foi a alumna de ESA Vanesa Bergondo. O premio foi un libro electrónico.

# Celebracións de despedida

Ao acabar o curso 20-21 despedimos aos nosos compañeiros, os profesores Humberto Morán, Olga Padín, Pedro García Rial  e Dores Fernández a quen desexamos o mellor nesa nova etapa.

# Celebracións de acceso a cátedras

Ao comezar o novo ano escolar 21-22 recibimos a boa noticia do acceso a cátedras dos e das profesoras Carmen Gallego, Alfredo Iglesias, Dulce Ferrández, Emiliano Perdiguero e Fernando Diaz Castroverde…
Parabéns!

# O recanto da ciencia

Concepción González Rodríguez
Xefa do Departamento de Ciencias Naturais

## Conferencia do Doutor Angel Carracedo

Este curso tivemos a honra de contar coa visita ao noso Centro do Doutor Angel Carracedo Álvarez, convidado polo Equipo de Dinamización Lingüística para impartir unha conferencia co título: “Pescando Xenes”.

Posteriormente houbo un coloquio moi participativo e animado do que destacamos a “maxia da ciencia” que soubo transmitir a todos os presentes. Os alumnos foron os mais impactados sen dúbida grazas á súa facilidade de palabra e entusiasmo para divulgar e explicar cuestións científicas complexas de forma sinxela e emocionante.

**Pero, quen é o Doutor Angel Carracedo?**

O Doutor Angel Carracedo Álvarez, representa na actualidade **uns dos científicos galegos mais internacionais**, sendo sen dubida unha das figuras mais representativas da **Xenética Forense a nivel mundial**, coa singularidade de que se está a facer en Galicia. De feito o seu percorrido profesional aínda que completou estudos en Suecia, Estados Unidos e outros países de América, Asia e Europa, estivo desde os seus inicios ligado a Galicia, en concreto á Facultade de Medicina de Santiago de Compostela.

**Na actualidade exerce como**:

- Catedrático da Área de Medicina Legal e Forense da Facultade de Medicina da Universidade e Santiago de Compostela.

- Director da Fundación Galega de Medicina Xenómica dependente da Universidade de Santiago e do SERGAS.

- Investigador principal do Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro”.

- Director do Centro Nacional de Xenotipado (CEGEN).

-Coordinador da área de Xenética e Bioloxía de Sistemas do Instituto de Investigación Sanitaria de Santiago de Compostela (IDIS).

- Xefe de grupo do Centro de Investigación Biomédica en Rede de Enfermidades Raras (CIBERER).

**Como chega ata aquí:**

Retorna de novo á Facultade de Medicina de Santiago de Compostela, e presenta a súa tese doutoral, cunha investigación sobre a relación xenómica e a paternidade na poboación galega e obtén o título de doutor tamén premio extraordinario (1982), exerce como profesor e pronto acada a Cátedra de Medicina Forense (1989).

A partir desta época comezan os seus esforzos por promover en Galicia un Centro de investigación no campo que el considera básico para a Medicina Forense, é dicir, a Xenética e máis en concreto a Xenómica. Este proxecto faise realidade coa posta en marcha da Fundación Pública Galega de Medicina Xenómica que nace co propósito de garantir o acceso dos cidadáns en condicións de equidade, as probas xenómicas, especialmente no campo da oncohematoloxía e das enfermidades raras.

Na actualidade o grupo de investigación de Medicina Xenómica que o doutor Carracedo coordina abrangue 10 liñas de investigación, varias plataformas tecnolóxicas e traballan nel arredor de 200 persoas (entre persoal técnico e investigador) o que permite ir desde a investigación básica á investigación aplicada e

así implementarse de forma máis directa na sociedade. No que se inclúen a relación da xenética co cancro, a farmacoxenómica, a relación da xenética coas enfermidades psiquiátricas e en xeral a relación entre as causas xenéticas das doenzas. Este Centro que está a facer 20 anos está considerado como o centro de maior volume en España no diagnóstico de enfermidades xenéticas.

Así mesmo, no Instituto de Medicina Legal da Universidade de Santiago, coñecido na actualidade como Instituto de Ciencias Forenses “Luís Concheiro”, do que foi director moitos anos (1994-2012), foi quen de introducir a xenética molecular (ADN), como nova técnica para a identificación forense, conseguindo implantala de forma rutinaria de tal forma que hoxe se utiliza nos laboratorios de todo o mundo. De feito, neste instituto realizáronse moitos dos análises para identificar restos humanos tras o tsunami do sudeste asiático e dos atentados do11M, participando ademais en máis de tres mil pericias de xenética forense, como son a investigación da paternidade, criminoloxía biolóxica e investigación.

**Relevancia actual:**

Na actualidade o Doutor Carracedo é un dos autores mais citados en Bioloxía Molecular a nivel mundial, cunha media superior a 2000 citacións/ano. Ten publicado varios libros e mais de 300 artigos sobre medicina xenómica, xenética clínica e xenética forense en revistas de máxima relevancia como: Science, Nature e Nature Genetics, entre outras..

Tamén leva a cabo un traballo moi importante como formador de investigadores en numerosos países, tanto como director de un grande número de tesis de doutoramento, como impartindo numerosas conferencias en toda Europa, Xapón, Estados Unidos e Iberoamérica.

Medicina Xenómica | FUNDACIÓN PÚBLICA GALEGA

Toda esta experiencia investigadora neste campo, determina que o Doutor Carracedo sexa un dos científicos que traballa en Galicia con mais proxección internacional e vai significar que dentro do seu currículo tamén estean presentes moitos nomeamentos nacionais e internacionais e premios. Citar pola súa relevancia científica tanto a nivel nacional como internacional :

Premio Rei Jaime I que outorga a Comunidade Valenciana na modalidade de Investigación Médica o mellor investigador, no ano 2009. E que foi outorgado por un xurado formado por 21 premios noveles, e no que se lle recoñece o liderado internacional ao Doutor Carracedo en Xenética Forense

Premio Galien 2010 coñecido como o premio Nobel do medicamento.

-Premio Nacional de Xenética 2015.

Premio Novoa Santos, concedido polo médicos galegos.

Medalla de Galicia de Ouro.

-Doutor Honores Causa por varias universidades de Europa y América.....

Vicepresidente da Academia Internacional de Medicina Legal.

Presidente da Sociedade Internacional de Xenética Forense.

Membro permanente do Grupo Europeo e da Comisión do ADN do Instituto Nacional de Xustiza de Estados Unidos.

Coordinador da rede da Unión Europea de Standarización do ADN e da Rede Iberoamericana de Xenética Molecular Aplicada a Medicina forense.

Por último, subliñar, que o Doutor Carracedo foi proposto pola Xunta de Galicia para os Premios Princesa de Asturias deste ano na categoría de investigación científica e técnica xunto con Sir Alec Jeffreys (Oxford, 1950). Polas achegas de ambos científicos no ámbito da xenética e medicina forense, que contribuíron a implantar as probas de ADN forense a nivel mundial, e que seguen a ser hoxe en día utilizadas pola Xustiza a resolver un grande número de investigacións.

# Exposicións



## Expo - 25 de abril, Día da Liberdade

O departamento de portugués organizou unha exposición sobre o 25 de Abril onde destacaron a arte urbana relacionada con  esa data histórica, e as principais personaxes para enteder o 25 de Abril, un dos 13 dias feriados de Portugal, os paineis en versión dixital poden ser vistos tamén na páxina web do centro.

# Exposición Letras galegas 2022 – Florencio Gurriarán

O departamento de galego realizou unha exposición sobre Florencio Delgado Gurriarán o autor homenaxeado neste Dia Das Letras. A exposición sobre a súa vida e obra literaria mostra o seu firme compromiso coa nosa cultura. Podedes ver os cartaces tamén na nosa páxina web

# Clube de lectura disque, disque.com

O clube de lectura "disque, disque.com" reúniuse como sempre todos os últimos venres (na última sexta-feira) de cada mes no espazo da biblioteca para comentar o libro de lectura escollido.

Autores galegos, americanos ou franceses, de antes e de agora. A lista deste ano foi moi diversa e contribuiu moito para realizarmos debates sobre os mais variados temas, algúns, tristemente, sempre de actualidade

Así este ano lemos libros con temáticas tan variadadas como o nazismo, as fronteiras e refuxiados, a sexualidade, a marxinalidade social, o retorno dos segredos de família ou o despertar dos sentidos.



Os libros do clube 2021/22 foron:

Abril encantado de Elizabeth von Arnim

Golpes de Luz de Ledicia Costas

Enderezo descoñecido de Kressman Taylor

STOP de Elerre, Humanos

Humanos - *La roya* é um rio de Troubs

MALAHERBA de Manuel Jabois

O Clube de lectura quere continuar crecendo e incluindo todo o alumnado para xuntos desfrutar de compartir as nosas lecturas

*E ti?.... vas ficar de fora?*

# Recanto da poesía

Que fermosa vexo a lúa
Desde o meu planeta
E que cálido brilla o sol sobre a súa cara.
Nunca fun tan lonxe
Mais algún día cruzarei o espazo que nos separa
Desprazarei a gravedade que agora me abraza
E serei libre
No firmamento, campo de cometas
Que sulcan o ceo en busca de desexos.

Cando eu era neno nunca me sentín pequeno
Mais agora ollo para ti,
Do mesmo lugar onde todo aconteceu
E teño medo da tua enormitude, tan sen medida
Que nela fica vella a luz.

Ninguén se atrevería a penetrar de propósito
No reino do insondábel
Onde nacen os planetas
Na orde do caótico.

O que será o silencio absoluto
No cal, esta gota de alga
Está destinada a flutuar.

Nunca souben moi bem como abrirme a este mundo
Quen semeou a primeira árbore
Quen é a nai de todas as mulleres
Como se crearon os seus xestos,
Da maneira que elas queren.

Lémbrome do sabor das laranxas da miña horta,
Do verdor das súas follas
E dos golpes da miña nai.
Co seu desagradábel sabor amargo
Como corría arredor, fuxindo
Como corría por subir á árbore.

Fun máis calado do que un Álamo
Ao que non toca o vento
Ao que non assubían as súas follas.
Fun observador como un paxaro
Que nunca a terra toca
Que sempre voa alto.

A miña vida, foi unha vida dura
Non tanto como a doutros
Todos somos emocións quebradas
Que saramos aos poucos.

Eu choraba pola dor, non polo sofrimento
Aprendín que o corpo é golpeado
Máis non o corazón.

Coñecín o resentimento mais non o rancor
Non podo odiar ninguén
Todos fomos magoados, e temos magoado aos outros
Ainda sen querer

---

Sinto que non sexa posíbel,
Ter insistido tanto.

Mireime nos teus ollos
Mais non nos teus fríos modos
Deseñeite xunto a min
Mentres ti partías lonxe
Eu enfréntome ás miñas sombras
en ti vense como hedras.

Pos por diante quen non te vela,
Sinto chegar a ti dicindo Amor
Provocando a túa fuxida

Sinto máis aínda que non coñezas amar
que non loites pola xustiza!

Mais que irei dicir eu,
fas ben en partires,
en faceres de conta que sabías o que dicías...

Ámote, sen medida, Ámote
Como algo imenso e saudábel.

Cristaliza o meu amor por ti
Ao mostralo ao mundo
Tradúzome aquí, para así
Saber de min no máis profundo
Ollar de frente a miña penumbra
Encher de amor o meu vacío
O meu propio vacío estoico.

Diego Reyes Henao

Hoxe a miña alma doe
Algo tan imposíbel
Que foi inevitábel.

Sufro da dor que se abriu
Da ilusión que morre
Sufro!
Por mentirme tanto tempo
Por non me querer.

Teño que deixarme tirar do peito
A mentira
Que eu soíño construín.

Como doe enganarse a un mesmo,
Como empurrarte para o abismo.

Teño que tomar a decisión
Desatender, deixar de segurar
De tapar o sol com a peneira....

E si, eu podo!
Cunha vontade  imensa, abrazarme
con alivio.

Mais hoxe doeme todo
con certeza
De tanto sofrimento
Tanta tristeza.

Hoxe reséntese a miña alma,
Algo tan imposíbel
Que foi inevitábel
Non sofrerte, ao verte
Non sofrerme.

Río do coñecemento que sinto
Que padezo da vida
Algo tan belo,
Tan parecido ao ceo
E tanto como un tornado
Latexa o meu pequeno corazón.

Que belo é vivir aquí!
Nos campos verdes estendo a miña imaxinación sen un fin
E o estrés
Que hai de vida en vida .

Aquí, nace a empatía
A empatía polo sol
A empatía polo ceo
 Pola paz, polo misterio.

Que lindo é vivir aquí
Aquí sen reloxo, aquí non hai tempo
Nin se perde a vida.
Non se rompen os soños
Nin a dor
Abala a miña alegria.

Contemplo todo, ahí está todo
sen un Eu, nin meu nin teu.

E é de aquí
Que abrazo a miña vida,
Un novo pentagrama
Que compoño a trazos curtos,
Alén non hai vida
O que será alén sen noite ou día ?!

Está a imaxe
Que parece non se poder mover
Ficar deitado nunha burbulla
Onde algo dicta as súas leis
Mais ahí, non é posíbel chegar
Cando o home se mente a si mesmo.

O teatro está diante de min
E o decorado é universal
Todo desenvolve o seu papel
Todo alén do superficial.

Corren como fotóns
Dun extremo para o outro do mundo
Crean a sombra dun piñeiro
Dan luz a unha violeta
Ou fan colorir a retina
Do amor dos teus soños
Ti amor, da miña vida.

Hai tantas nubes no ceo
Que o sol quixo facer o mar nacer
El é sempre moitos moitas
Sempre dá e sempre tira, resta e multiplica.

Aquí vén, e eu de cabeza baixa
Sorrí e eu choro por el,
Pregúntolle a el, que tanto tempo ten.
Cal é o meu papel?
As miñas estacións, as que veñen
A quen serven?!...

Grazas polo teu apoio, soidade.

Diego Reyes Henao

Ana Garnelo

# Leituras para o verán

*Virtudes: Unha crónica familiar e un testemuño da emigración en Galicia*

O mérito de Xesús Fraga (Londres, 50) non reside só en gañar o Premio Nacional de Narrativa por un libro escrito en galego -que el mesmo traduciu ao castelán, por certo- senón en lograr trazar unha cronografía de época (a da Galicia nos anos 40 e 50) e á vez un retrato da súa familia e da súa avoa, Virtudes.

**Virtudes (e misterios)**, que así se titula esta peza publicada pola editorial Galaxia, cóntanos a historia da súa familia, fundamentalmente a da súa avoa Virtudes, protagonista absoluta; pero inevitablemente nela están a súa bisavoa e a súa propia nai, as súas irmás e tías. Mulleres moi fortes, traballadoras e inconformistas, que vían que o futuro da súa familia estaba nas súas mans.

Escrito en primeira persoa e en forma de documental, Fraga dota a peza de realismo enchéndoa de fotografías da familia, moi ben seleccionadas. A pesar da dureza dalgunhas pasaxes (o avó desaparecido, a fame) o seu protagonista logra provocar a gargallada con algunhas das súas expresións, fusionando o galego e o inglés: “Estás wrong” e os seus esmagadores razoamentos ou consellos : “O que eu che diga: Os ingleses, todos tolos” ou “Nunca quedes á verbena despois do descanso”.




Este verán anímense a ler **Virtudes**. Fágano na praia, no parque, paseando á cadela ou tomando o fresco. Fágano aos poucos, mentres collen o autobús, ou ás agochadas no traballo. Vale a pena. Porque Virtudes conquista desde a páxina primeira polo seu carisma, a súa capacidade de traballo e sacrificio e a súa espontaneidade. A historia desta muller, tan ben retratada polo seu neto, é a historia de tantos homes e mulleres galegos que tiveron que marchar a outros países, adaptándose sen apenas formación a unha vida moi distinta á que levaban nas suas vilas.

Galicia cambiou moito. A sociedade cambiou moito. Agora os mozos marchan voluntariamente a outros países, pero sen dúbida é máis a poboación estranxeira que recibimos nós. A través destas páxinas, un pode facerse á idea do choque cultural, da capacidade de adaptación destas persoas e reflexionar, se cabe, que hai nada fomos nós os que fixemos o camiño inverso.

## ***El árbol de la lengua*** *– Lola Pons*




Quero salientar este libro de Lola Pons, catedrática de Lingua e Literatura na Universidade de Sevilla, polo seu carácter divulgativo e ameno sobre unha materia, a lóxica, historia e mecanismos da lingua (castelá, neste caso pero aplicable que en moitas das súas análises, exemplos e razoamentos ao galego ou calquera outra lingua), que con frecuencia vese como difícil ou mesmo, tediosa.

A través de metáforas vexetais coas que bautiza os diferentes capítulos, "La frondosidad del vocabulario", "Semillas que crecen", "Mujeres bajo el árbol", "A la fresca sombra"…, vai ofrecendo breves retallos sobre o pasado da lingua, a orixe de vocablos e expresión pintorescas, explicacións de tecnicismos, asociación da linguaxe e o xénero, da linguaxe e as clases sociais, da linguaxe e o diñeiro, además de chiscadelas á modernidade, etc.

Fai todo isto a autora dun xeito divertido, rápido (unha ou dúas páxinas por capítulo) preciso, e sen abandonar nunca un fino sentido do humor que engancha o lector e o empurra a continuar co descubrimento da lingua que está a experimentar.

Creo que este libro é unha ferramenta inmellorable para que os máis renuentes a considerar o coñecemento da lingua como elemento de pracer se decaten do contrario; para que os máis curiosos e interesados continúen coa súa aprendizaxe e para que os máis especializados e os profesores poidan atopar nel unha fonte de recursos e divertidos exemplos cos que "atrapar" os seus alumnos.

---

## ***El baile de las locas****, Victoria Mas*

**El baile de las locas** da escritora francesa Victoria Mas, sendo a súa primeira novela non o parece pois é entretida, documentada e brillante. Tras a súa publicación en Francia no 2019, recibiu múltiples premios: Première Plume, Stanislas, Patrimoi-nes de la Banque Privée PBE e o Renaudot des Lycéens. Además, a directora Mélanie Laurent fixo unha adaptación cinematográfica a finais do ano 2021 do que sería a primeira película francesa producida por Amazon.

Con esta novela a autora describe feitos e personaxes reais, as "histéricas", mulleres

cativas no hospital psiquiátrico de París, la Salpêtrière, dirixido polo doctor Charcot a finais do XIX. Mulleres repudiadas pola burguesía aínda que expostas unha vez ao ano perante a sociedade no chamado "Baile das tolas", que se celebraba na Media Cuaresma e no que as internas eran expostas ao morbo e curiosidade. Este abuso non quedaba aí senón que se completaba con amplas reportaxes fotográficas e sesións públicas de hipnose.

A historia fálanos de Louise e Eugénie, dúas mulleres novas rexeitadas polas súas familias e que acaban baixo a supervisión da implacable enfermeira Geneviève, aínda que é a única que as verá e tratará como persoas, así como Théophile, o xoven que as axudará. Louise, epiléptica, violada polo tío, maltratada pola tía e ilusionada por casar cun interno do centro; Eugénie, rebelde, intelixente e esotérica, de boa familia, encerrada cruelmente aí polo pai. A obsesión das dúas é escapar. En fronte, temos o doctor Charcot, personaxe real, que foi pioneiro na hipnose, e que sen escrúpulos experimenta coas tolas e as mostra públicamente.

Este libro mostra unha realidade onde as mulleres non tiñan voz nin voto. Se a voz dunha muller era máis alta do establecido, os homes empregaban este lugar para calalas. O psiquiátrico era "o cárcere para as culpables de ter opinión". As histéricas eran simplemente mulleres que molestaban as súas familias. O libro retrata e denuncia a sociedade que o permitía.

***"Ya no son esposas, madres o adolescentes, ya no son mujeres a las que se mira y se tiene en cuenta, ya nunca serán mujeres a las que se ama o desea. Son enfermas. Locas"***

Loaira Martínez

# *Recomendação de livros para boas leituras de verão*

Visitar livrarias e bibliotecas é, para muitas pessoas, um grande prazer. E se essa livraria ou biblioteca tiver livros em português, o prazer é ainda maior. A biblioteca da nossa escola possui uma secção de português que aumenta de um ano para o outro. A seguir, o departamento de português deixa três recomendações de leituras em português para o verão que aí chega.
Iniciamos a nossa sugestão pelos dois livros que há na biblioteca: "**Mary John**" e "**O Sr. Valéry**".

Não se deixem enganar pelo título "**Mary John**" pois, embora não seja um nome muito português, a obra é 100% de produção portuguesa. A autora é Ana Pessoa, uma das autoras de literatura infantil e juvenil mais reconhecida internacionalmente. O ilustrador do livro é Bernardo P. Carvalho, que é uma figura de vulto da cultura portuguesa. Em relação à parte estética do livro, há que destacar a beleza da obra pois nele estão à mistura o texto narrativo, com as ilustrações e, em certas partes, encontramos banda desenhada de cor exclusivamente azul.




Quanto ao assunto, a história é contada em primeira pessoa pela Maria João (estão a perceber agora o porquê do título do livro?), uma adolescente de pais divorciados que mora com a mãe. Ao longo das páginas, a Maria João expõe os seus sentimentos em relação ao Júlio Pirata e à mudança de casa e de cidade.

Por último é importante fazer uma breve referência à editora responsável pelo livro: Planeta Tangerina, a qual além de ter um nome muito sugestivo, é uma das editoras independentes mais importantes em Portugal. Vale mesmo a pena dar uma vista de olhos pelo seu catálogo (www.planetatangerina.com).

São livros infantis e juvenis cheios de bom gosto e boas histórias e também com muitos prémios internacionais. Ressaltar também a boa qualidade das editoras infantis portuguesas.

O outro título que podem encontrar na biblioteca da escola é "**O Sr. Valéry**", de um autor muito conhecido da literatura portuguesa, o Gonçalo M. Tavares. As ilustrações são de Rachel Caiano. O livro não conta realmente nenhuma história, pois são breves capítulos onde se fala de hábitos ou pensamentos do Sr.Valéry, que é uma personagem bastante peculiar. Ao longo do livro, o Sr. Valéry estabelece um diálogo com o narrador através dos seus pensamentos, tais como: *"O Sr. Valéry era pequenino, mas dava muitos saltos. Ele explicava:*

*"Sou igual às pessoas altas só que por menos tempo"*

Se não tiverem muita pachorra para ler, este livro é perfeito por ser breve, muito divertido e de fácil leitura. Se, pelo contrário, gostarem de ler e acharem piada a este título, podem completar a leitura com o resto de livros que fazem parte da coleção "**O Bairro**", com títulos como "**O Senhor Henri**", "**O Senhor Juarroz**" e "**O Senhor Breton**".







Em último lugar, salientamos o livro "**Portuguesas Extraordinárias**" de Maria do Rosário Pedreira e ilustração da mão de Elsa Martins. Este livro, ao não estar na biblioteca da escola, apresenta-se como uma boa desculpa para visitar uma livraria em Portugal numa próxima viagem.

Este título pode enquadrar-se dentro dum estilo que tem estado muito na moda nos últimos tempos. Livros onde são apresentadas breves biografias de mulheres para valorizar o trabalho e a importância que muitas destas têm embora nem sempre sejam reconhecidas. A obra que recomendamos é exatamente isso: breves biografias mas apenas de mulheres portuguesas acompanhadas de umas lindas ilustrações.

Através das páginas desta obra podem ficar a conhecer histórias tão fascinantes como a de Brites de Almeida, mais conhecida como A Padeira de Aljubarrota, Catarina de Bragança, a rainha que levou a tradição do chá à Inglaterra, ou a escritora Sophia de Mello Breyner.

Ótimas leituras e um fantástico verão.

*Fragmento de **Mulleres**, pintor Luís Seoane na Fundación Maria José Jove*